

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3.<sup>a</sup>, ECONOMÍA,  
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 07.04.2017      Hora: 10:30

A Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 7 de abril de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Proposicións non de lei en Comisión**

- 1.1            2071 (10/PNC-000214)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón  
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central e á Comisión Europea en relación coa ratificación do tratado de libre comercio da Unión Europea con Canadá  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016*
- 1.2            5666 (10/PNC-000545)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón  
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central de presentación dunha iniciativa lexislativa de reforma do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no referido ao réxime legal e ás liquidacións do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, ou plusvalía municipal, practicadas polos concellos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017*
- 1.3            5690 (10/PNC-000551)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a xestión do Igape; en particular, das axudas en forma de aval nos exercicios 2011-2013  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017*
- 1.4            5989 (10/PNC-000591)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis  
Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da autorización legal necesaria que lles permita ás entidades locais o investimento do seu superávit orzamentario no ano 2017 sen ter que xerar ingresos polo mesmo

importe

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017*

1.5

6255 (10/PNC-000619)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia desde unha perspectiva de xénero, desagregando por sexo os indicadores relacionados coas persoas

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017

Abel Fermín Losada Álvarez  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 3.<sup>a</sup>, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

## **Vogais**

José González Vázquez

P

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Antón Sánchez García

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 07.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei en Comisión

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 07.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 2071(10/PNC-000214)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central e á Comisión Europea en relación coa ratificación do tratado de libre comercio da Unión Europea con Canadá

*Publicación da iniciativa, 28, 14.12.2016*



Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa do seu deputado e portavoz suplente **Antón Sánchez García** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 3.ª**.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión europea ven de aprobar o camiño cara a ratificación do CETA (Comprehensive Economic and Trade Agreement), tratado de libre comercio da Unión Europea con Canadá.

Dito camiño inclúe a votación no Parlamento europeo e a ratificación dos 28 Estados da UE nos seus Parlamentos, pero contéplase a aplicación provisional dos aspectos non considerados mixtos mentres non sexa ratificado polos Estados.

O CETA segue o mesmo modelo que inspira o TTIP: devaluación das condicións laborais e dos dereitos sindicais, empeoramento da calidade dos produtos -especialmente grave no que respecta á alimentación- colonialismo cultural coa entrada sen filtro da industria cultural norteamericana, rebaixa dos estándares medioambientais e principalmente perda da soberanía dos pobos.

Como outros tantos megatratados, é un instrumento de amplo alcance cuxo obxecto é expandir o horizonte dos investimentos transnacionais por medio do retroceso das competencias dos gobernos na regulación do interese público. O ataque á gobernabilidade democrática non se limita aos notables mecanismos de solución de diferenzas entre os investidores e os estados (ISDS, polas súas siglas



en inglés), os cales privilexian o capital transnacional mediante a creación dun ordenamento xurídico paralelo exclusivo dos investidores transnacionais

Este grave perigo é, pois, a creación de xulgados ad hoc para dirimir conflitos entre empresas e estados, cando estas denuncien a aprobación de lexislación que supostamente afecten á súa actividade comercial.

Isto significa a erosión da democracia, xa que coa entrada en vigor deste tipo de tratados reduciranse aínda máis os campos suxeitos ao escrutinio e á vontade democrática dos pobos.

Estes tratados van na liña iniciada pola aceleración da globalización capitalista desde os anos oitenta do século XX de substraer aos pobos a posibilidade de decidir sobre todas e cada unha das políticas a aplicar subordinándoas aos intereses do gran capital.

Do punto de vista do medio ambiente, este tipo de tratados incide no tipo de desenvolvementismo insostible da globalización.

O CETA afecta a Galiza e á súa lexislación e normativa e por iso o Parlamento galego non pode permanecer ao marxe do debate sobre un instrumento que pode condicionar a súa política económica, laboral e ambiental.

Por todo elo, o Grupo parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Que rexeite o CETA e demande ao Goberno do Estado a que se posicione en contra da súa ratificación.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/12/2016 11:09**  
**Nº Rexistro: 2071**  
Data envío: 05/12/2016 11:09:13.941



2. Demandar á Comisión Europea a non aplicación provisional do CETA mentres non supere o proceso de ratificación dos Estados.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2016.

Asdo.: Antón Sánchez García

Portavoz s. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 05/12/2016 11:08:41**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 07.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 5666(10/PNC-000545)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central de presentación dunha iniciativa lexislativa de reforma do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no referido ao réxime legal e ás liquidacións do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, ou plusvalía municipal, practicadas polos concellos

*Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.<sup>a</sup>**.

O Tribunal Constitucional, mediante sentenza do pasado 16 de febreiro, estimou parcialmente a cuestión de inconstitucionalidade exposta polo Xulgado do Contencioso-administrativo número 3 de Donostia en relación con varios artigos da Norma Foral 16/1989, do 5 de xullo, do IIVTNU do Territorio Histórico de Gipuzkoa. O Tribunal considera que o citado imposto é contrario ao principio de capacidade económica, previsto no art. 31.1 CE.

O feito impositivo do IIVTNU vén definido no art. 104.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais segundo o cal «O Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana é un tributo directo que grava o incremento de valor que experimenten devanditos terreos e ponse de manifesto a consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.»

O art. 107 do TRLRHL estipula que a base impositiva do IIVTNU está constituída polo incremento de valor posto de manifesto na data de devengo e experimentado durante un período máximo de 20 anos, establecendo seguidamente unha serie de regras e operacións para a cuantificación da cota tributaria.



Xa constando resolucións xudiciais de distintos Tribunais Superiores de Xustiza anulatorias de liquidacións do IIVTNU cando non había plusvalía real, é agora o Tribunal Constitucional o que confirma que non hai feito imponible cando o suxeito pasivo poida acreditar a inexistencia de plusvalor na operación suxeita a dito imposto.

Se ben é certo que a dita STCo refírese a unha Norma Foral, a realidade é que o feito de que a redacción das normas cuestionadas polo TCo é a mesma que a contida no RDL 2/2004, é mais que previsible que o Tco manteña a mesma doutrina cando se pronuncie sobre as outras cuestións de inconstitucionalidade (pendentes de fallo), e que si se refiren á aplicación do RDL 2/2004. E

A crise económica converteu o que podía ser un efecto illado, a inexistencia de incrementos ou a xeración de decrementos, nun efecto habitual, ao que necesariamente a regulación normativa do imposto debe atender. Mandato ao lexislador de reforma do RDL 2/2004 que tamén se contén, implicitamente, na dita STCo.

Con independencia da debida cautela sobre os fallos posteriores do TCo respecto do RDL 2/2004, a realidade é a necesidade de modificar, á maior brevidade posible, as disposicións legais do RDL 2/2004, aos efectos de evitar tributar cando non existe feito imponible de plusvalor, con independencia da potestade estatal e municipal para o reaxuste á baixa dos Valores Catastrais (art. 32 do RDL 1/2004, de 5 de marzo, Lei do Catastro Inmobiliario).

Reforma do RDL 2/2004, de Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que debería incluír unha disposición transitoria aos efectos de compensar aos concellos pola devolución dos ingresos indebidos que poidan solicitar as persoas que abonaron dito imposto en ausencia real de base imponible, así como



pola propia devolución de oficio que deberían aplicar os Concellos, e que debería preverse na propia norma que aprrobe o lexislador, recollendo a doutrina e o mandato do TCo.

Resultando evidente a existencia de responsabilidade do Estado lexislador, e ante a normativa restritiva actualmente vixente (art. 32 Lei 40/2015), procede que sexa o Estado quen asuma o custo económico de dita devolución de ingresos indebidos, con independencia da data das liquidacións, e compensando aos concellos polas devolucións de oficio ou pola estimación (xudicial ou administrativa) das pretensións de devolución formuladas polos suxeitos pasivos afectados.

Por todo ou exposto ou Grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1.- Demandar do Goberno español a que presente de inmediato unha iniciativa lexislativa de reforma do RDL 2/2004, de Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aos efectos do seguinte :

- a) Incluir as modificacións necesarias no réxime legal do IIVTNU que determinen a exclusión de feito imponible no suposto de inexistencia real de incremento de valor dos terreos de natureza urbana.
- b) Incluir unha disposición transitoria para que, con independencia da data de efectos das liquidacións practicadas, os concellos devolvan de oficio o liquidado e recadado indebidamente, e asumindo o Estado a responsabilidade de dita devolución, compensando economicamente aos Concellos por dito importe.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/02/2017 13:22**  
**Nº Rexistro: 5666**  
Data envío: 24/02/2017 13:22:33.825



2.- Dar traslado do presente acordo ao Goberno do Estado, presidencia do Congreso e Senado, así como aos grupos parlamentarios das Cortes.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 24/02/2017 13:21:36**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 07.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 5690(10/PNC-000551)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a xestión do Igape; en particular, das axudas en forma de aval nos exercicios 2011-2013

*Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/02/2017 10:44  
Nº Rexistro: 5690  
Data envío: 27/02/2017 10:44:06.308

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás perdas e deficiencias sinaladas polo Consello de Contas na súa fiscalización ás actividades do Igape.

O Consello de Contas fiscalizou as actividades recentes do Igape a través do “Informe do Igape, en particular das axudas en forma de aval. Exercicios 2011-2013”. Neste informe, o Consello acha numerosas deficiencias tanto na súa estrutura como na súa actuación, e que repercutiron en fortes perdas dos instrumentos de apoio financeiro que impulsa o Igape.

Con respecto á súa estrutura e organización, o Informe sinala que o incremento das operacións financeiras por parte do Igape non veu acompañado dunha modificación da súa estrutura organizativa para adaptala ao crecente peso destas novas modalidades de axuda. Así, concéntrase nunha única unidade a xestión dos préstamos e avais. Esta unidade conta cunha porcentaxe escasa dos recursos humanos do ente a pesares de que na súa actividade se comprometen máis da metade dos recursos xestionados polo Instituto. O Informe conclúe que “todos estes factores non axudaron a aliviar as importantes perdas xeradas, nun contexto de forte crise económica, polos mecanismos de apoio financeiro empregados polo Igape”.

O Informe especifica esas importantes perdas do Instituto. No que respecta ás participacións en capital, nomeadamente a través de fondos achegados ás entidades de capital risco -que a finais de 2015 ascendían a 183,4 millóns- as perdas representaban o 59% (108,8 millóns), como consecuencia das insolvencias e deterioros nos investimentos realizados polos fondos participados.





**BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/02/2017 10:44**  
**Nº Rexistro: 5690**  
Data envío: 27/02/2017 10:44:06.308

No que ten a ver cos préstamos, evidénciase un alto grao de morosidade. Nos préstamos vencidos os dereitos pendentes de cobro por principal e xuros cunha antigüidade superior a un ano era a finais de 2015 de 42,2 millóns respecto a uns vencementos totais de 70,4 millóns, é dicir, a morosidade ascendía ao 60%.

No que atinxe aos avais, dende que se iniciou o programa de avais no 1994 e ata o 2015, a Xunta tivo que facer fronte a 82 millóns por avais falidos, o que representa un 12% do total formalizado. Sobre o risco vivo por avais financeiros, a 31 de decembro do 2015 ascendía a 115 millóns, estando o 47% dese importe (55 millóns de euros) en risco de resultar falido, ben por ter sido reclamado o seu pagamento polas entidades financeiras ben por existir un alto risco de reclamación.

O Informe detalla numerosas deficiencias na xestión do Instituto nomeadamente no que ten a ver coa concesión de avais. A continuación sinalamos os máis salientábeis:

- A normativa de referencia na tramitación dos expedientes de concesión de avais amparou o outorgamento de axudas en forma de garantía sen a observación de todos os parámetros previstos na Comunicación da Comisión 2008/C155/02 e constitúe un marco regulatorio insuficiente para resolver situacións que se suscitan máis de 20 anos despois da súa promulgación e non está adaptada ao Dereito da Unión Europea.
- Nos avais concedidos as PEMEs, cumpriuse o requisito da previa autorización pola CDXGAE que declarou a operación de especial interese socioeconómico para Galiza, pero sen expresar as razóns que xustificaron a dita declaración.
- Durante os exercicios fiscalizados non se tramitou ningún aval ao abeiro das bases reguladoras das axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise aprobadas mediante Resolución do 26.12.2005.
- Nalgúns dos expedientes revisados, advertiuse que a valoración da situación financeira das empresas aos efectos de considerala en crise non tivo en conta todos os

parámetros establecidos na Comunicación 2004/C244/02, feito que determinou que non se motivasen na tramitación deses expedientes a aplicación ou non das limitacións mais restritivas establecidas para as axudas que se conceden a este tipo de empresas.

- Consello de Contas tamén sinala que “a ausencia de resposta á petición de información sobre outros apoios económicos así como sobre o grao de cumprimento das empresas, impediu alcanzar o obxectivo de cuantificar os apoios globais concedidos a cada empresa así como avaliar o grao de cumprimento das obrigas contraídas co Igape por parte das empresas avaladas”. A volta a sinalar a ausencia de información como causante de non coñecer cales son os motivos que impediron o resarcimento das cantidades desembolsadas no relativo ao avais falidos.

- Con respecto ás comisións de avais, con respecto ao cumprimento da obriga de pagamento das comisións de avais, observouse unha demora xeneralizada no pagamento das comisións, agás na primeira anualidade que se aboa no momento de formalizarse o aval. O Consello de Contas tamén observou que as comisións pendentes correspondentes a empresas que entraron en concurso de acredores non foron reclamadas, nalgúns casos, no marco do proceso concursal.

- En relación coas garantías, a análise efectuada revelou a admisión polo Igape de garantías reais cuxa consistencia resulta cuestionábel (hipotecas en segundo e terceiro rango, marcas e concesións administrativas).

Ante estas deficiencias, o Consello de Conta propón no informe unha serie de recomendacións de cara a corrixilas, como pode ser a adopción dunha nova regulación en materia de avais, unha avaliación máis precisa do risco que se asume coas operacións que se van garantir, esixir o pagamento das comisións con carácter anticipado e dunha soa vez, no momento da formalización dos avais, máis, precaucións nas garantías, etc.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/02/2017 10:44**  
**Nº Rexistro: 5690**  
Data envío: 27/02/2017 10:44:06.308

Por todo isto, fórmulase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

- Adoptar de xeito inmediato as recomendacións realizadas polo Consello de Contas coa finalidade de corrixir as deficiencias sinaladas.
- Impulsar unha adecuación da estrutura organizativa do Igape para adaptala ao crecente peso das novas modalidades de axuda, como as participacións de capital, os préstamos e os avais.”

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/02/2017 10:44**  
**Nº Rexistro: 5690**  
Data envío: 27/02/2017 10:44:06.308

**Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2017 10:40:09**

**Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2017 10:40:14**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 27/02/2017 10:40:18**

**María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2017 10:40:22**

**Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2017 10:40:24**

**Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2017 10:40:27**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 07.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 5989(10/PNC-000591)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da autorización legal necesaria que lles permita ás entidades locais o investimento do seu superávit orzamentario no ano 2017 sen ter que xerar ingresos polo mesmo importe

*Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEPSF) recolle as tres regras fiscais de obrigado cumprimento: estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

No seu artigo 11.4 establece que “*As corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario*”, mentres que no artigo 32. Destino do superávit orzamentario, sinala que “*este destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución da débeda*”

A Lei 9/2013 de débeda comercial, modificou a lei para permitir que os concellos cumprisen cunha serie de requisitos, destinar o superávit a investimentos financeiramente sostibles, unha definición de investimentos que recolleu o Decreto-Lei 2/2004, do 21 de febreiro na súa disposición adicional 16. Estas excepcións en ningún caso deron satisfaccións ás demandas municipais posto que as condicións para poder acollerse a estas medidas eran:

- Ter rexistrado superávit orzamentario e remanente de tesourería.
- Ter pagado antes as débedas pendentes con provedores para cumprir coa Lei de morosidade.
- Destinar o sobrante a amortizar débeda.

Estes condicionantes deron un resultado sorprendente: os concellos son a única administración con superávit, están saneados e cumpren os seus obxectivos, pero non poden investir o seu aforro.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/03/2017 17:34  
Nº Rexistro: 5989  
Data envío: 02/03/2017 17:34:10.072



#### Grupo Parlamentario

A Administración local é a administración máis cumpridora cos obxectivos marcados: a débeda local no seu conxunto xa acadou o 3 % fixado para 2020, e o superávit das entidades locais achega ao cómputo total de España medio punto do PIB, cumprindo co teito de gasto e pagando en prazo aos seus acredores.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Polo tanto, o Goberno debe atender as demandas do conxunto dos concellos, tal e como expuxo a FEMP na reunión da Comisión Nacional de Administración Local do pasado 30 de novembro, que lles permita empregar o superávit, que este ano é de aproximadamente 4.500 millóns de euros.

Polo que o Grupo Parlamentario Socialista, solicita a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa o Goberno central para que, a través dunha autorización legal competente, se permita ás entidades locais reinvestir o seu superávit en 2017 sen a necesidade de xerar ingresos polo mesmo importe.

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2017

#### Asinado dixitalmente por:

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/03/2017 17:31:53**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/03/2017 17:32:10**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/03/2017 17:32:19**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 02/03/2017 17:32:29**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/03/2017 17:32:40**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 07.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 6255(10/PNC-000619)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia desde unha perspectiva de xénero, desagregando por sexo os indicadores relacionados coas persoas

*Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017*





## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz, **Xoaquín Fernández Leiceaga** e do seu deputado e das súas deputadas, **Abel Losada Álvarez, Begoña Rodríguez Rumbo e María Pierres López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**.

### Exposición de motivos

Facer un presuposto público dende unha perspectiva de xénero é involucrarse co obxectivo de igualdade efectiva entre mulleres e homes. É evidenciar a desigualdade existente e comprometer os recursos públicos para a súa eliminación.

Trátase de avaliar dende unha perspectiva crítica a distribución de recursos, buscando posibles impactos diferentes entre homes e mulleres, segundo as distintas situacións en que se producen, para alcanzar a máxima eficacia das políticas sobre o obxectivo da igualdade de xénero e benestar da poboación.

A última estratexia da política de igualdade entre homes e mulleres na Unión Europea é coñecida como *mainstreaming* ou integración de xénero. A integración do xénero foi explicitamente asumido pola Plataforma de Acción da Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller da ONU celebrada en Pequín, en 1995.

A Plataforma acordou esixir "aos gobernos e outros actores promover unha política activa e visible de *mainstreaming* de xénero en todas as políticas e programas, para que, antes de que se tomen as decisións, se leve a cabo unha análise dos efectos producidos en mulleres e en homes."

A integración do xénero implica a organización, mellora, desenvolvemento e avaliación dos procesos políticos, de xeito que a perspectiva de igualdade de xénero sexa incorporada en todas as políticas a todos os niveis e en todas as fases, polos axentes que participan normalmente na adopción de medidas políticas. En suma, a integración do xénero é a integración de políticas específicas destinadas á igualdade entre homes e mulleres, nas políticas xerais e implica a reorganización dos procesos en todas as fases, a todos os niveis e polas persoas que xeralmente os executan, para incluír os obxectivos de igualdade de xénero en todos os ámbitos de actuación política.



**Grupo Parlamentario**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O obxectivo non é outro que o orzamento serva como instrumento por excelencia para a posta en marcha da integración do xénero, que é onde as accións do Goberno para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres se deben priorizar.

Non hai dúbida de que fixemos un gran progreso en acadar a igualdade de dereitos, pero a verdadeira igualdade entre homes e mulleres está lonxe de ser alcanzado. Levamos tempo comprometidos coa igualdade a través de políticas sectoriais, pero se o noso compromiso coa igualdade é tan claro é inexcusable facer unha revisión de como os recursos son asignados para acadar a igualdade de xénero.

Engádense ademais aos argumentos de xustiza social, importantes argumentos económicos, que deben actuar como unha oportunidade para avanzar, poñendo a obtención dunha sociedade máis igualitaria como un requisito para unha maior competitividade da economía.

Ningunha sociedade que queira estar entre as economías máis dinámicas e competitivas en termos económicos pode pechar os ollos ante o feito de que, sen a inserción das mulleres no mercado de traballo e sen permitirlles desenvolver aquilo para que foron formadas, está perdendo un potencial do que a historia e as xeracións futuras lles fará responsable.

O presuposto de xénero é, pois, unha maneira de analizar o presuposto polo su efecto sobre la igualdade de xénero. Tamén pode incluír análises por unha sola categoría (por exemplo, analizando o impacto nas mulleres de diferentes orixes étnicas, diferentes niveis de ingresos entre mulleres con discapacidade ou sen discapacidade, por sectores, por área xeográfica, ...).

O obxectivo final é promover presupostos sensibles ao xénero. Non presupostos separados para mulleres, ou presupostos que invisten a mesma cantidade en mulleres que en homes, senón presupostos que vaian dirixidos á consecución da igualdade de xénero.

Ingresos e gastos poden ter resultados moi diferentes en mulleres e homes porque as súas necesidades, prioridades e situacións son diferentes. Políticas que, en principio poden aparentar neutrais, poden ter consecuencias contrarias incrementando a desigualdade. O análises do presuposto de xénero destaca estas diferenzas e mellora a eficacia, a eficiencia, a rendición de contas e a transparencia da política do Goberno así como contribúe a facer aportas significativas á igualdade de xénero e á realización dos dereitos da muller.



**Grupo Parlamentario**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Este presuposto de xénero está funcionando dende fai máis dunha década en países como Austria, Suecia ou Finlandia, en estados federais como Berlín ou en comunidades autónomas como Andalucía.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1.- Implementar unha estratexia gradual, sistemática e coherente na elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia dende unha perspectiva de xénero, desagregando por sexo os indicadores orzamentarios relacionadas coas persoas, fuxindo do neutro e separando por xénero que permita:

a) Recoñecer a diferente situación e as diferentes necesidades das mulleres e dos homes en Galicia que nos permitan actuar do xeito máis correcto para a eliminación da desigualdade a través do investimento público de maneira máis eficaz.

b) Xerar unha reflexión dinámica sobre igualdade e cambio nos procesos de asignación de recursos na que contribúan todos os responsables relacionados co orzamento, desde o inicio da elaboración do mesmo.

2.- Esta estratexia de orzamentación por xéneros debe incorporar en cada exercicio novos programas, de xeito que no prazo máximo de seis anos, todos os programas orzamentarios sexan obxecto dunha avaliación sistemática.

No exercicio de 2018 comezaríase coa avaliación da incidencia por xénero dos programas de ingresos.

No exercicio de 2019 incorporárase á orzamentación por xénero un 20% dos programas de gasto de cada consellería, órganos autónomos, entes, axencias ou empresas incluídas no perímetro de consolidación da Xunta de Galicia.

En cada exercicio ulteior (2020-2023) incorporárase un 20% adicional.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/03/2017 12:33  
Nº Rexistro: 6255  
Data envío: 08/03/2017 12:33:36.232



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

3.- Constituirase de xeito inmediato unha Comisión para a orzamentación por xénero, dependente da Consellería de Facenda, con carácter interdepartamental para por en marcha esta Estratexia. Nesta comisión estará presente a persoas responsable das políticas de igualdade do Goberno galego, a día de hoxe a Secretaría Xeral de Igualdade.

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia  
Asdo.: Abel Losada Álvarez  
Begoña Rodríguez Rumbo  
María Pierres López  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/03/2017 12:32:03**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/03/2017 12:32:14**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/03/2017 12:32:20**

**María Luisa Pierres López na data 08/03/2017 12:32:22**